

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**CONCURSO DE
FOTOGRAFÍA**

Camión a bocados

Xullo-Agosto 2015

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA:

Camiño a bocados

Galicia Calidade e a Cidade da Cultura, da man de Correos, convidante a facer o Camiño... a bocados.

A gastronomía é duns signos de identidade cultural de Galicia e, como non, da ruta xacobeá. Por iso, animámosvos a subir ao twitter os mellores pratos galegos cos que vos atopástedes no Camiño de Santiago: polbo á feira, empanada, caldo, pescada, centolas, bocadillo de queixo de Arzúa... Comparte connosco os mellores manxares da nosa terra e gaña un lote de produtos Galicia Calidade para que poidas seguir apreciando a excelencia da gastronomía galega. E grazas a Correos, non terás nin que molestarte en transportalo. Grazas ao *Paq Peregrino* de 'El camino con Correos', o teu premio estará esperándote na casa á volta do Camiño.

O concurso fotográfico **O Camiño a bocados** enmárcase na exposición *Camiño. A orixe* (ata o 13 de setembro no Museo Centro Gaiás) co obxectivo de ofrecer novas dimensións da ruta xacobeá e achegar esta mostra artística a través dunha canle máis accesible para todos os públicos como é a fotografía non profesional e fomentar a interacción co público a través dun concurso online.

BASES

- No concurso fotográfico *O Camiño a bocados* poderán participar todas as persoas maiores de 16 anos.
- O concurso estenderase durante os meses de xullo e agosto de 2015, cun premio semanal.
- As fotografías deben:
 - Reflexar algún prato galego.
 - O prato debe ir acompañado dun símbolo inequívoco de que están tomadas nalgún punto do Camiño de Santiago.
 - Terán que subirse ao twitter baixo o hashtag **#Caminoabocados**, con mención ás contas oficiais dos organizadores: **@cidadedacultura**, **@galiciacalidad** e **@elcaminocorreos**

No caso de que non se cumpra algunha destas condicións, a imaxe non se terá en conta e non optará ao premio.

- Resultará gañadora a imaxe que acumule máis 'favoritos' e 'retweets' por semana.
- Ao final do concurso, de entre os oito gañadores semanais, sortearase unha fin de semana rural ou de spa cortesía de Galicia Calidade.

PREMIOS

- Lote de produtos de Galicia Calidade + Entrada de balde á exposición Camiño. A orixe. (Envío a domicilio co servizo *Paq Peregrino* de 'El camino con Correos'. Só envíos a España)
- Fin de semana rural/balneario a sorteo entre os oito gañadores semanais.